1. Emprega estes prefixos para formar palabras novas coas que se dan debaixo deles:

Pre re Des sub anti super

facer → .....refacer..... directora → .....subdirectora..... cociñar .....precociñar....

néboa → .....antinéboa.....heroe → .....superheroe..... envolver ...desenvolver.....

2. Rodea o lexema das seguintes palabras e clasifícaas en simples, derivadas ou compostas:

Rañaceos – sol – mariscadora – papelería – lume

Raña-ceos (comp.) sol (sim.) marisc- (der.) -papel- (der.) lume (sim.)

3. Fíxate nas seguintes palabras e clasifícaas: lei/te tí/o di/no/sau/ro am/bien/te ra/í/ña co/ro/a des/viou

Ditongos	**Tritongos**	**Hiatos**
Leite dinosauro ambiente	desviou	tío raíña coroa

4. Escribe as siglas correspondentes a estas palabras.

– Documento Nacional de Identidade.....DNI.....– Instituto Ensinanza Secundaria ....IES

– Unión Europea .....UE..... – Alta Velocidade Española .....AVE.....

<u>Ollo!!!!!!!---- as siglas escríbense con maiúscula</u>

5. Emparella cada animal co son que emite:

a) xabaril b) ovella c) vaca d) gato e) cabalo f) galiña g) burro h) lobo

1. ornear 2. bruar 3.miañar 4. cacarexar 5. gruñir 6. bear 7.ouvear 8. rinchar

a)-5 b)-6 c)-2 d)-3 e)-8 f)-4 g)- 1 h)- 7

6. Escribe o nome de todas as linguas de España.

Castelán, galego, catalán, valenciano, éuscaro, aranés, astur-leonés, aragonés.

7. Sinala o enunciado falso:

a) Os textos narrativos só poden estar escritos en prosa.

b) Nas narracións hai tamén fragmentos dialogados.

c) Sempre hai narrador nun texto narrativo.

a) Os textos narrativos só poden estar escritos en prosa. Esta afirmación é falsa porque tamén poden estar escritos en verso.